



# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES DE CATABOIS  
CURSO: 3º ESO  
MATERIA: Lingua Galega e Literatura  
DEPARTAMENTO: Lingua Galega e Literatura  
DATA: 8 de maio de 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.


1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Estándar de aprendizaxe	Criterio de avaliación
Recoñece a intención comunicativa dos textos. <b>CCL</b>	Comprender, interpretar e valorar textos orais expositivos e argumentativos.
Intervén na clase e respecta as normas de cortesía. <b>CCL, CSC</b>	Coñecer e usar as normas de cortesía nas intervencións orais.
Usa técnicas de síntese do contido dos textos: subliñados, esquemas, resumos. <b>CCL, CAA</b>	Aplicar técnicas e estratexias que facilitan a lectura comprensiva e crítica de textos.
Comprende e interpreta textos xornalísticos. <b>CCL, CSC</b>	Identificar o tema e os subtemas dos textos expositivos e explicativos.
Aplica correctamente o sistema de procura na biblioteca e nos buscadores de internet para obter, organizar e seleccionar información. <b>CCL, CAA, CD</b>	Producir, en soporte impreso ou dixital, traballos académicos.
Coñece as linguas que forman parte da nosa familia lingüística. <b>CCL</b>	Apreciar o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade.
Recoñece os principais elementos na orixe e formación da lingua galega desde os seus inicios ata 1916. <b>CCL, CSC</b>	Identificar as causas e consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua desde os seus inicios ata 1916.
Selecciona o léxico e as expresións axeitadas en contextos comunicativos de uso formal da lingua. <b>CCL, CAA</b>	Recoñecer e explicar os valores de léxico temático e da fraseoloxía.
Crea palabras novas utilizando os procedementos de creación. <b>CCL, CAA</b>	Recoñecer e explicar os procedementos de creación de palabras e as posibilidades de combinación para crear novas palabras.
Recoñece e usa adecuadamente a fonética da lingua galega. <b>CCL, CAA</b>	Recoñecer e usar adecuadamente a fonética da lingua galega.
Emprega textos orais e escritos e respecta as normas gramaticais. <b>CCL</b>	Aplicar as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.
Comprende as distintas épocas e períodos da Literatura Galega desde a Idade Media ata o Rexurdimento e sinala os seus principais trazos característicos. <b>CCL</b>	Identificar e comprender as distintas épocas e períodos da Literatura Galega desde as súas orixes na Idade Media ata o Rexurdimento.
Comenta, de forma guiada, textos de obras da Literatura galega desde a Idade Media ata o Rexurdimento, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente. <b>CCL</b>	ler autonomamente e comentar textos representativos da Literatura Galega desde a Idade Media ata o Rexurdimento e relacionar o seu contido co contexto histórico, cultural e sociolingüístico de cada período
Comprende o concepto normalización e explica o proceso normalizador do galego. <b>CCL, CSC</b>	Coñecer as principais iniciativas normalizadoras, adquirir vínculos positivos cara ao uso do galego e asumir a importancia da contribución individual no desenvolvemento da lingua galega.



<b>2. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	<p>Procedementos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Entregar todas as tarefas feitas. (40%)</li> <li>• Presentar as tarefas ordenadas e claras. (20%)</li> <li>• Realizar con corrección gramatical e ortográfica as tarefas. (40%)</li> </ul>
	<p>Instrumentos: tarefas</p>
<b>Cualificación final</b>	<p>Procedemento para obter a cualificación final de curso:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• O alumnado coa materia xa aprobada: sumar á media das dúas primeiras avaliacións ata 2 puntos segundo a consecución das tarefas de reforzo e repaso.</li> <li>• Alumnado coa materia suspensa: valoración das tarefas de recuperación (50%) e as tarefas de reforzo do terceiro trimestre (50%).</li> </ul>
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Entregar feitas as <b>tarefas de recuperación</b> ou, de non ser entregadas, realizar unha proba obxectiva cos contidos desenvolvidos ata o 13 de marzo.</li> </ul>
<b>Alumnado de materia pendente</b>	<p>Criterios de avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Aplicar técnicas de lectura comprensiva.</li> <li>• Producir textos descritivos.</li> <li>• Aplicar cun mínimo de corrección as normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego.</li> <li>• Ler comprensivamente textos literarios sinxelos e identificar algún recurso expresivo.</li> </ul>
	<p>Criterios de cualificación:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• As dúas entregas de <b>tarefas propostas</b> para reforzo e recuperación, terán un valor do <b>80%</b> da cualificación final.</li> <li>• <b>seguimento da evolución</b> do alumnado no curso actual (presencial e telemático), referente á adquisición de contidos do nivel que ten que recuperar, terá un valor do <b>20%</b> da cualificación final.</li> </ul>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Tarefas de reforzo e recuperación.</li> <li>• Seguimento do seu progreso.</li> </ul>

<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	Tarefas de repaso e reforzo
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Alumnado con conectividade: Publicar as tarefas na páxina web do instituto, responder as dúbidas e subir as tarefas corrixidas polo correo electrónico.</li> <li>• Alumnado sen conectividade: Indicacións de tarefas do libro de texto, material fotocopiado e a posibilidade de podelas corrixir mandando unha foto.</li> </ul>
<b>Actuacións (levadas a cabo co alumnado para o seguimento das clases)</b>	A maneira que teño para as explicacións e aclaración de dúbidas é a través do correo electrónico.
<b>Materiais e recursos</b>	Libro de texto e correo electrónico.

Ferrol, 8 de maio de 2020



**Xefa de Departamento**

<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	A información é a través do correo electrónico ou Abalar
<b>Publicidade</b>	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.